

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DO INTERIOR

22623 REAL DECRETO 1250/2001, do 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil. («BOE» 290, do 4-12-2001.)

O artigo 14 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, no seu número 1 atribúe ó Ministerio do Interior a competencia para dispor todo o concernente ós destinos da Garda Civil. Correlativamente, o artigo 72.3 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, establece que regulamentariamente se determinarán as normas xerais de clasificación e provisión de destinos.

Faise, polo tanto, necesario, desenvolve-los preceptos legais indicados a través dun regulamento de provisión de destinos no corpo da Garda Civil que, dentro do ámbito competencial definido polas ditas leis, recolla os principios de mérito, capacidade e antigüidade a que fai referencia o artigo 61, número 6, da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e o artigo 69.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de novembro de 2001,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento de provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil, o texto do cal figura a seguir.

Disposición adicional única. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro do Interior para dicta-las disposicións que esixa o desenvolvemento do regulamento que se aproba.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio xeral.*

Os concursos de vacantes que, á entrada en vigor deste real decreto, estean anunciados e non resoltos, axustaranse á normativa ata agora vixente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio do Interior de 19 de agosto de 1987, pola que se determinaba con carácter transitorio o réxime de provisión de vacantes no corpo da Garda Civil, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango en canto se opoña ó disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor ós seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de novembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro do Interior,
MARIANO RAJOY BREY

REGULAMENTO DE PROVISIÓN DE DESTINOS DO PERSOAL DO CORPO DA GARDA CIVIL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

SECCIÓN 1.^a ÁMBITO DE APLICACIÓN E CLASIFICACIÓN DOS DESTINOS

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

Este regulamento ten por obxecto establece-las normas xerais de clasificación e provisión de destinos do persoal do corpo da Garda Civil de conformidade co disposto na Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.

Artigo 2. *Clasificación pola súa forma de asignación.*

Segundo a súa forma de asignación, os destinos poden ser:

- De libre designación.
- De concurso de méritos.
- De provisión por antigüidade.

Artigo 3. *Destinos de libre designación.*

1. Son destinos de libre designación aqueles que para o seu desempeño requiren condicións persoais de idoneidade, valoradas pola autoridade facultada para concedelos, entre os que cumpran os requisitos esixidos para o posto.

2. Serán destinos de libre designación os correspondentes á categoría de oficiais xenerais; os de mando de unidade, servizo e centro docente que sexa exercido por coronel ou tenente coronel; os de subdirector-xefe de estudos dos centros docentes de formación e aqueles outros que esixan unha especial responsabilidade e confianza por razón do cometido a desempeñar e así se determinen na correspondente orde ministerial.

Artigo 4. *Destinos de concurso de méritos.*

1. Son destinos de concurso de méritos os que se asignan avaliando, conforme os baremos previamente determinados, os méritos que posúan os peticionarios

en relación cos requisitos do posto que ten de desempeñarse.

2. Como norma xeral, terán este carácter aqueles postos de traballo que para o seu desempeño requiran a posesión dunha titulación ou coñecementos específicos.

3. A relación de méritos e baremos polos que debe rexerse a asignación dos destinos de concurso de méritos será aprobada polo ministro do Interior.

Artigo 5. *Destinos de provisión por antigüidade.*

Son destinos de provisión por antigüidade os que se asignan pola orde de escalafón dos interesados que cumpran os requisitos esixidos para desempeñaren o posto.

SECCIÓN 2.^a REQUISITOS PARA OCUPA-LOS DESTINOS

Artigo 6. *Norma xeral.*

Os destinos asignaranse conforme os principios de mérito, capacidade e antigüidade entre os membros da Garda Civil que cumpran os requisitos esixidos para o posto de que se trate.

Artigo 7. *Esixencia doutros requisitos.*

Para ocupar determinados destinos poderase establecer previamente a esixencia dalgún dos seguintes requisitos:

- Psicofísicos de carácter permanente ou temporal.
- Profesionais.
- De idade.

Artigo 8. *Limitacións para ocupar determinados destinos.*

Estableceranse limitacións para ocupar determinados destinos ós gardas civís nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Ter renunciado a asistir a determinados cursos de capacitación.
- Ter solicitado ser excluído dunha avaliación para o ascenso.
- Ser retido con carácter definitivo no seu emprego no ascenso por selección.
- Ser declarado con carácter definitivo non apto para o ascenso.
- Ser avaliado con insuficiencia de condicións psicofísicas.
- Ser declarado con insuficiencia de facultades profesionais.

CAPÍTULO II

Procedemento

SECCIÓN 1.^a ANUNCIO DAS VACANTES

Artigo 9. *Concepto de vacante.*

1. Entenderase por posto de traballo vacante o que careza de titular.

2. O catálogo de postos de traballo da Dirección Xeral da Garda Civil será o documento de referencia para a determinación das vacantes.

3. Cando a diferenza total entre dotacións do catálogo e efectivos na situación correspondente resulte significativa, poderase limita-lo anuncio de vacantes de acordo coas porcentaxes de cobertura previamente establecidas para cada unidade.

Artigo 10. *Momento do anuncio.*

1. A Dirección Xeral da Garda Civil anunciará periodicamente e, polo menos unha vez cada seis meses, as vacantes xa producidas ou que se prevexa que se van producir antes do seguinte anuncio.

2. Cando expresamente se determine na resolución de anuncio das vacantes, consideraranse incluídas nela as que se produzan na propia unidade e orixinadas polo movemento do proceso de asignación das vacantes especificamente anunciadas. A asignación das vacantes incrementadas por esta causa poderase efectuar unicamente ós que solicitasen as vacantes anunciadas con carácter voluntario.

3. Por necesidades do servizo poderanse anunciar sen suxeición a periodicidade vacantes que xa se producen.

Artigo 11. *Contido do anuncio.*

O anuncio de vacantes conterá os seguintes datos:

- Número de orde da vacante.
- Denominación, características e clasificación do destino.
- Lugar.
- Complemento específico singular.
- Requisitos necesarios para ocupala.
- Prazo de presentación das solicitudes.
- Se for o caso, baremo aplicable para a asignación do destino.
- Tempos máximo e mínimo de permanencia, cando proceda.
- Data de efectividade do destino, se é a vacante prevista.
- Calquera outra información que se considere necesaria.

Artigo 12. *Publicidade do anuncio.*

Todo anuncio de vacantes se publicará no «Boletín Oficial de la Guardia Civil». Efectuada a publicación, difundirase entre o persoal das unidades, centros e organismos da Garda Civil a través de calquera medio de comunicación interna.

SECCIÓN 2.^a SOLICITUDE DE DESTINOS

Artigo 13. *Condicións para solicitar destino.*

1. Terán o carácter de destinables e, por tanto, poderán solicita-los destinos dos que as vacantes fosen anunciadas aqueles que cumpran as condicións seguintes:

- Encontrarse na situación de servizo activo ou reserva, se é o caso.
- Reuni-los requisitos esixidos no anuncio.
- Ter cumprido o tempo mínimo de permanencia no seu destino.

2. O momento en que deben estar cumpridas as condicións expresadas no número anterior será a data límite de solicitude da vacante.

Artigo 14. *Imposición de condena por sentenza firme, medida de seguridade ou sanción disciplinaria de suspensión de emprego ou perda de destino.*

1. Non poderán solicitar destino:

- Os condenados por sentenza firme a calquera das penas de suspensión de emprego ou cargo público ou privación do dereito á tenza e porte de armas, ata as extinguiuren.

b) Os que se achen suxeitos a calquera medida de seguridade incompatible co desempeño dos seus cometidos profesionais.

c) Os sancionados disciplinariamente con suspensión de emprego, ata a teren cumprido.

d) Os sancionados disciplinariamente con perda de destino, durante dous anos, na demarcación territorial da comandancia na que prestaban servizo ó seren sancionados.

2. Tampouco poderán solicitar destinos a unidades, centros ou organismos radicados nas localidades a que afecte a pena ou medida de seguridade consistente na privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles.

Artigo 15. *Carácter das solicitudes.*

1. Os destinos de libre designación soamente se poderán solicitar con carácter voluntario. Os de concurso de méritos ou de provisión por antigüidade poderán solicitarse con carácter voluntario ou en preferencia forzosa.

2. Enténdese por solicitude en preferencia forzosa a manifestación de preferencia do interesado que sexa destinable forzoso, para o caso de que houbese que lle asignar un destino con carácter forzoso.

Artigo 16. *Prazo para a solicitude.*

As solicitudes de destino deberán presentarse dentro dos quince días naturais seguintes ó da publicación do anuncio da vacante correspondente. Excepcionalmente, poderá establecerse un prazo distinto en tal anuncio.

Artigo 17. *Tramitación das solicitudes.*

1. A solicitude de destino, axustada ó modelo que se estableza, que contemplará a orde de preferencia, será presentada polo interesado na unidade, centro ou organismo do seu destino, que a remitirá ó xefe da comandancia ou unidade similar. Se o solicitante non tiver destino, presentaráa na unidade territorial mais próxima á súa residencia, que a cursará a aquela na que estiver encadrado administrativamente.

2. O xefe da comandancia ou unidade receptora cursará directamente a solicitude á Dirección Xeral da Garda Civil.

3. Toda solicitude xa presentada poderá ser deixada sen efecto polo petionario en canto non conclúa o prazo de presentación sinalado no anuncio da vacante. Abondará, para este efecto, con manifestalo a través de escrito, que se presentará e cursará do mesmo modo que as solicitudes.

SECCIÓN 3.^a ASIGNACIÓN DE DESTINOS

Artigo 18. *Prazo de resolución.*

Dictarase resolución expresa en relación coas vacantes que se tivesen anunciado, que se publicará dentro dos tres meses seguintes á data límite de presentación de solicitudes.

Artigo 19. *Carácter da asignación.*

1. Con excepción do previsto no artigo 22 do presente regulamento, os destinos, calquera que for a súa clase, poderán ser asignados con carácter voluntario ou forzoso, conforme as disposicións do presente regulamento.

2. En ningún caso poderá asignarse destino ós comprendidos no artigo 14 do presente regulamento, nin ós que se encontren en situación distinta á de servizo activo, salvo o establecido no artigo 45 para o persoal en situación de reserva.

Artigo 20. *Competencia.*

A competencia para a asignación dos destinos corresponde:

a) Ó ministro do Interior, para os destinos correspondentes á categoría de oficiais xerais, logo de proposta do director xeral da Garda Civil, coa conformidade do secretario de Estado de Seguridade.

b) O secretario de Estado de Seguridade, para os destinos de libre designación que correspondan a postos de mando ou dirección que determine o ministro do Interior.

c) Ó director xeral da Garda Civil, para os destinos de libre designación que non correspondan ó ministro nin ó secretario de Estado de Seguridade, os de concurso de méritos e os de provisión por antigüidade.

Artigo 21. *Prelación para a asignación dos destinos.*

1. A asignación dos destinos efectuarase pola orde de publicación das vacantes correspondentes.

2. Se as publicacións de vacantes tiveren a mesma data, asignaranse en primeiro lugar os destinos de libre designación, a seguir os de concurso de méritos e, por último, os de provisión por antigüidade.

Artigo 22. *Asignación dos destinos de libre designación.*

1. Os destinos de libre designación asignaranse con carácter voluntario, logo de informe, non vinculante, do xefe da unidade, servizo ou centro a que pertenza a vacante anunciada.

2. Se se apreciar falta de idoneidade dos solicitantes, a vacante será declarada deserta.

Artigo 23. *Asignación dos destinos de concurso de méritos.*

Os destinos de concurso de méritos asignaranse, con carácter voluntario, ó petionario que, reunindo os requisitos esixidos, acredite a maior puntuación consonte os seus méritos e o baremo aplicable. Na igualdade de puntuación, asignarase o destino ó que tiver superior emprego, e na igualdade de emprego, ó mais antigo.

Artigo 24. *Asignación dos destinos de provisión por antigüidade.*

Os destinos de provisión por antigüidade asignaranse, con carácter voluntario, ó petionario de maior emprego e antigüidade que cumpra os requisitos esixidos. Se entre os petionarios houber algún con dereito preferente, será destinado en primeiro lugar.

Artigo 25. *Asignación de destinos por falta de petionarios.*

1. As vacantes de libre designación declaradas desertas poderán ser anunciadas novamente.

2. As vacantes de concurso de méritos ou de antigüidade non cubertas con carácter voluntario por ningún petionario que reúna tódolos requisitos poderán ser asignadas entre os que reúnan as condicións fixadas na correspondente convocatoria, na seguinte orde:

a) Ós peticionarios en preferencia forzosa que sexan destinables forzosos e deban ser destinados con este carácter, conforme os mesmos criterios establecidos para a asignación dos destinos voluntarios.

b) Se non houber peticionarios en preferencia forzosa ós que sexan destinables forzosos, conforme os criterios que establece o artigo seguinte.

Artigo 26. *Destinables forzosos.*

1. Para os destinos en que se esixa estar en posesión dun título determinado, serán destinables forzosos os que non estiveren destinados por razón do mesmo e non teñan cumprido o tempo mínimo de permanencia establecido por razón dese título. Esta regra non será aplicable cando transcorra un prazo igual ou superior ó mínimo esixido de permanencia por estas causas, contado desde a data de obtención do título correspondente. Entre os que non tiveren cumprido o tempo de mínima permanencia, acudirase primeiro a quen tiver cumprido menos tempo dese mínimo de permanencia e, a igualdade de condicións, ó de menor antigüidade.

2. Para os demais destinos, serán destinables forzosos os que non teñan destino. A asignación dos destinos efectuarase pola seguinte orde:

- a) Os que leven mais tempo sen destino.
- b) Se a vacante foi anunciada para máis dun emprego, os de menor emprego.
- c) No suposto de concorrencia de igual tempo sen destino ou de emprego, o de menor antigüidade.

3. En ningún caso serán destinables forzosos os que no momento de publicación do anuncio da vacante non reúnan as condicións esixidas para desempeñalo destino correspondente.

Artigo 27. *Asignación por necesidades do servizo.*

1. Non obstante o disposto nos artigos anteriores, o ministro do Interior, excepcionalmente, mediante resolución motivada, poderá asignar los destinos cando as necesidades do servizo o requiran, ós que reúnan os requisitos para ocupalos, sen que, en ningún caso, a permanencia forzosa no destino poida ser superior a un ano. Igualmente, e polas mesmas razóns, poderá denegar a súa adxudicación.

2. A resolución pola que se adopte o acordo expresado no número anterior notificarase ós interesados.

CAPÍTULO III

Desempeño dos destinos

SECCIÓN 1.^a EFECTIVIDADE E PRAZOS DE PERMANENCIA

Artigo 28. *Publicación e eficacia.*

1. Publicaranse no «Boletín Oficial de la Guardia Civil» tódalas resolucións de asignación dos destinos e de declaración de vacantes desertas.

2. A asignación do destino será efectiva ós dez días da súa publicación, de non disporse outra cousa na resolución. Cando o destino o for a unha vacante prevista, a súa eficacia quedará demorada ó momento que figure na resolución.

3. Salvo nos casos expresamente previstos neste regulamento, a publicación da resolución sobre asignación dun destino substituirá a notificación dese acto, tanto para o adxudicatario como para os demais solicitantes.

Artigo 29. *Incorporación ó destino.*

1. O prazo para a incorporación ó destino será de:

- a) Un mes, se comporta cambio de residencia.
- b) Tres días hábiles, se non implica cambio de residencia.

2. O prazo contarase desde o momento en que sexa efectivo o destino. Non obstante o anterior e se non se ordena o contrario, cando o destinado estiver desempeñando comisión de servizo no estranxeiro, incorporarse ó novo destino ó finalizala. Nestes casos, o xefe da unidade, centro ou organismo no que cesa o interesado comunicará tal circunstancia ó daquela á que pase destinado e o prazo computarase desde a data de retorno ó territorio nacional.

3. Cando excepcionalmente se dispoña a incorporación urxente a un destino, notificarase persoalmente, efectuándose sen demora e no prazo de tempo necesario para realiza-lo desprazamento. En tal caso, o interesado poderá dispor, no momento en que as necesidades do servizo o permitan, dun prazo equivalente ó que conforme o número 1 deste artigo lle corresponda.

Artigo 30. *Revezamentos.*

Na resolución que asigne un destino poderase ordenar a permanencia no seu posto de quen cesa, ata ser revezado.

Artigo 31. *Exención de cometidos para a muller embarazada.*

1. O xefe da unidade, centro ou organismo en que teña o seu destino a muller garda civil en estado de xestación, logo de informe dos servizos médicos do Instituto, poderá:

- a) Eximila do desempeño dos cometidos que poñan en risco o seu embarazo.
- b) Asignarlle cometidos distintos, que non resulten incompatibles co seu estado.
- c) Asignarlle, se o destino o permite, un posto orgánico distinto ó que estivese a ocupar.

Estas determinacións, que non suporán para a xestante perda de destino, quedarán sen efecto ó concluí-lo embarazo.

2. As mesmas decisións poderán ser adoptadas, preventivamente, a petición da interesada e sen necesidade de prescrición facultativa, cando exista causa urxente para isto.

Artigo 32. *Tempos de permanencia.*

1. Con carácter xeral o tempo mínimo de permanencia nos destinos será de dous anos para os asignados con carácter voluntario e dun ano para os asignados con carácter forzoso. Nas resolucións de anuncio das vacantes poderán, sen embargo, determinarse prazos distintos por necesidades do servizo ou por razóns inherentes á xestión do persoal, sen que, en ningún caso, os prazos poidan ser superiores a cinco anos.

2. O ministro do Interior, o secretario de Estado de Seguridade e o director xeral da Garda Civil, no ámbito das competencias que a cada un lles asigna o artigo 20 do presente regulamento, poderán establecer, para determinados destinos, prazos máximos de permanencia, entre dez e quince anos, excepto para os do persoal das escalas facultativa superior e facultativa técnica, que non terán limitación. Estes prazos deberán quedar expresados nas resolucións de anuncio das vacantes e asignación dos destinos.

3. Os prazos de permanencia computaranse desde o momento en que for efectivo o destino. Non se contabilizarán para estes efectos os períodos de licencia para asuntos propios nin os empregados na realización de cursos de duración superior a un mes, salvo que a asistencia a eles tiver carácter obrigatorio.

4. Nos supostos previstos no artigo 44, número 2, deste regulamento, os tempos mínimos de permanencia computaranse desde a data do destino que deo orixe ó dereito preferente.

Artigo 33. *Exención do prazo de mínima permanencia.*

1. Poderán ser solicitadas por aqueles que non teñan cumprido o prazo de mínima permanencia no destino que ocupen, as vacantes anunciadas:

a) En segunda convocatoria, salvo que o destino que teña adxudicado o sexa por razón de título, caso en que unicamente se poderán solicita-las vacantes anunciadas en segunda convocatoria para as que se esixa a mesma titulación.

b) Por creación de unidade, centro ou organismo.

c) Por finalización dun curso de especialización, para vacantes anunciadas para a especialidade correspondente.

2. Tamén estarán exentos do prazo de mínima permanencia os afectados por disolución ou reorganización de unidades, ou redución de dotacións do catálogo, a partir da data da resolución que así o acorde.

SECCIÓN 2.^a COMISIÓNS DE SERVICIO

Artigo 34. *Concepto.*

1. Enténdese por comisión de servicio o desempeño de cometidos que, por necesidades do servicio e con carácter temporal, se ordene a un membro da Garda Civil, ausentándose do seu destino, se o tiver, pero sen cesar nel. O tempo de duración das comisións de servicio, se é o caso, computarase como permanencia no destino.

2. A duración máxima de calquera comisión de servicio será dun ano.

Artigo 35. *Causas.*

1. Poderá disporse unha comisión de servicio polas causas seguintes:

a) A ocupación dun posto vacante que, pola súa importancia ou características, deba estar permanentemente cuberto, ben porque non teña asignado un titular ou porque este estivese ausente por calquera causa durante un tempo superior a tres meses.

b) O desempeño de cometidos para os que sexa o interesado particularmente apto.

2. As autoridades e mandos competentes poderán designar a quen teña que desempeñar calquera comisión de servicio de entre aqueles que reúnan as condicións precisas de idoneidade ou aptitude. De igual modo, poderán revoga-la designación, dispoñendo a fin da comisión.

Artigo 36. *Competencia.*

1. As comisións de servicio que dean lugar a indemnización rexeranse pola súa normativa específica.

2. Están facultados para designa-las comisións de servicio que non dean lugar a indemnización aquelas autoridades e mandos que teñan competencia común sobre a unidade á que pertenza o comisionado e aquela onde vaia desempeña-la comisión.

Artigo 37. *Comisións de servicio do persoal en situación de reserva.*

1. O persoal en situación de reserva, con destino ou sen el, poderá desempeñar comisións de servicio pola causa prevista no artigo 35.1.b) deste regulamento.

2. Están facultados para designar comisións de servicio que non dean lugar a indemnización, respecto ó persoal destinado, as autoridades e mandos referidos no número 2 do artigo anterior. A duración da comisión estará limitada, se é o caso, polo tempo de asignación do destino, de acordo co artigo 45.4 deste regulamento.

3. Corresponderá ó ministro do Interior a designación de comisións do persoal sen destino.

SECCIÓN 3.^a SUBSTITUCIÓNS NO MANDO

Artigo 38. *Substitucións no mando.*

1. En ausencia do titular dun destino ou cargo, sucederá no mando, con carácter interino ou accidental, o garda civil de maior emprego que lle estea subordinado; a igualdade de emprego, sucederá o de maior antigüidade; entre os que tivesen a mesma, o que antes tivese ingresado no servicio e, de persisti-la igualdade, o de maior idade. Cando así se dispoña, será condición necesaria para suceder no mando a posesión dunha aptitude ou especialidade determinada, ou a pertenza a unha escala.

Os gardas civís en situación de reserva poderán efectuar substitucións de mando, sempre que este veña referido a destinos susceptibles de seren ocupados por aqueles, de acordo co artigo 45.1 deste regulamento.

2. A sucesión no cargo terá carácter interino cando o cesamento do titular sexa definitivo. Noutro caso, será accidental.

3. A sucesión no mando tanto con carácter interino como accidental levará consigo a asunción das funcións do cargo ou posto correspondente.

4. O nomeamento dos mandos interinos ou accidentais efectuarase de forma expresa e por escrito, para cada caso, polo superior xerárquico inmediato do mando substituído.

CAPÍTULO IV

Revogación e cesamento

Artigo 39. *Revogación e cesamento dos destinos.*

1. O ministro do Interior, o secretario de Estado de Seguridade e o director xeral da Garda Civil poderán revogar libremente os destinos de libre designación por eles asignados.

2. Logo de expediente sumario con audiencia do interesado, o director xeral da Garda Civil poderá acorda-lo cesamento de calquera membro da Garda Civil no seu destino, cando este fose asignado por concurso de méritos ou antigüidade.

3. As resolucións adoptadas de acordo cos dous números anteriores notificaranse ós interesados.

4. O xefes de unidade, centro ou organismo poderán propo-lo cesamento no destino de calquera subordinado por falta de idoneidade no desempeño dos cometidos propios do seu destino, elevando por conducto regulamentario á autoridade que o conferiu informe razoado das causas que motivan a proposta de cesamento.

Artigo 40. *Cesamento no destino por necesidades do servicio.*

A competencia para acorda-lo cesamento no destino por necesidades do servicio corresponderá ó ministro

do Interior. Previamente a adopta-la correspondente resolución tramitarase un expediente sumario con audiencia do interesado.

As resolucións de cesamento no destino por necesidades do servizo notificaranse ós interesados.

Artigo 41. Cesamento no destino por paso á situación de suspenso de funcións.

1. O ministro do Interior poderá determina-lo cesamento no destino daqueles membros da Garda Civil que pasasen á situación de suspenso de funcións a causa de procesamento, inculpación ou adopción dalgunha medida cautelar como consecuencia de procedemento penal ou pola incoación dun expediente gubernativo.

As resolucións sobre cesamento no destino notificaranse ós interesados.

2. Se o procedemento xudicial determinante do paso a suspenso de funcións concluíse por sentenza absoluta ou sobresemento, ou o expediente gubernativo finalizase sen declaración de responsabilidade, o interesado poderá ser repostado ó destino no que cesou se ó seu dereito conviñer. Para estes efectos, unha vez recibido o testemuño da resolución xudicial firme ou adquirida firmeza a resolución do expediente gubernativo, oírase o interesado para que manifieste a súa decisión.

Artigo 42. Outros motivos de cesamento no destino.

1. Cesarase no destino cando concorra algunha das causas seguintes:

- a) Adxudicación doutro destino.
- b) Por disolución ou reorganización de unidades, ou redución de dotacións do catálogo.

O exceso de persoal que resulte por redución de dotacións do catálogo determinarase entre os compoñentes da unidade que leven menos tempo destinados nela. Se tal feito for coincidente, resolverase a favor do de maior antigüidade.

c) Cumprimento do tempo máximo de permanencia establecido.

d) Paso a calquera das situacións administrativas de servizos especiais, excedencia voluntaria, reserva ou suspenso de emprego, excepto cando o paso a esta última situación o sexa por sanción disciplinaria por un período igual ou inferior a seis meses.

e) Ter deixado de reuni-los requisitos esixidos para a asignación do destino ou non cumprí-las condicións esixidas para súa adxudicación. Se o motivo for o ascenso ou a atribución dun emprego distinto por ingreso noutra escala, poderá disporse que o interesado continúe no seu destino ata se lle asignar outro.

f) Ser designado para a realización de cursos de perfeccionamento ou de altos estudos profesionais que teñan unha duración de presente de forma ininterrompida superior a doce meses.

A realización de cursos para cambios de escala ou para acceso a outra escala por promoción interna non levará, en ningún caso, o cesamento no destino.

g) Imposición de condena por sentenza firme, que imposibilite para o exercicio das funcións propias do destino que se ocupe.

h) Por iniciación do expediente para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, de acordo co previsto no artigo 97 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.

i) Ter sido sancionado disciplinariamente con perda de destino.

j) Resultar afectado por algunha limitación que sexa incompatible co destino que se ocupa.

2. A competencia para acorda-lo cesamento no destino polas causas expresadas no número anterior corres-

ponderá ó director xeral da Garda Civil, salvo que o destino fose asignado polo ministro do Interior ou o secretario de Estado de Seguridade.

Se o motivo de cesamento é debido á causa prevista na alínea g) do número anterior, a competencia será, en tódolos casos, do director xeral da Garda Civil.

3. Previamente a adopta-la resolución de cesamento nos casos previstos na alínea e) do número 1, con excepción dos debidos a ascenso ou atribución de novo emprego por ingreso noutra escala, tramitarase un expediente sumario con audiencia do interesado.

Artigo 43. Publicación.

1. Tódalas resolucións sobre revogación dos destinos e cesamento neles publicaranse no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

2. Coas excepcións determinadas nos artigos anteriores, a publicación destas resolucións substituirá a notificación.

CAPÍTULO V

Dereito preferente e destinos do persoal en situación de reserva

Artigo 44. Dereitos preferentes.

1. Enténdese por dereito preferente o outorgado ó persoal do corpo da Garda Civil para ocupar vacantes de provisión por antigüidade, sen ter en conta tal circunstancia.

2. Terá dereito preferente para ocupar vacantes na mesma provincia na que estivese a unidade, centro ou organismo o persoal do corpo da Garda Civil que cesase no seu destino polas seguintes razóns:

a) Disolución ou reorganización de unidades, ou redución de dotacións do catálogo.

b) Perda, en acto de servizo, da aptitude psicofísica para o destino que ocupa.

c) Cumprí-la idade máxima esixida para determinados destinos.

3. O ministro do Interior, en atención á especial responsabilidade ou penosidade que concorra en determinados destinos, poderá establecer, para os que os ocupan, dereito preferente para todas ou algunhas unidades, centros ou organismos da Garda Civil.

4. De concorrer na petición dun destino persoal con distintos dereitos preferentes, a orde de prelación na asignación será a indicada, en primeiro lugar, no número 2 do presente artigo e por esa orde precisamente, e a seguir os que o tivesen en razón do número 3.

Se o dereito preferente proviñer da mesma causa, aplicarase o criterio de emprego e antigüidade establecido no artigo 24 deste regulamento.

Artigo 45. Destinos do persoal en situación de reserva.

1. Os gardas civís en situación de reserva poderán ocupar soamente os destinos que, atendendo ás necesidades do servizo, determine o ministro do Interior para a citada situación na norma sobre clasificación de destinos, de acordo co disposto no número 2 deste artigo.

As funcións propias destes destinos serán, con carácter xeral, as de apoio e asesoramento ó mando, loxísticas, técnico-facultativas e docentes.

2. Pola súa forma de asignación, os destinos poderán ser:

- a) De libre designación.
- b) De concurso de méritos.

3. Os destinos serán asignados con carácter voluntario polo ministro do Interior.

Non obstante, cando circunstancias excepcionais de seguridade cidadá o requiran, o ministro do Interior poderá acorda-lo destino por necesidades do servizo, sen que, en ningún caso, a permanencia forzosa nel poida ser superior a un ano.

A resolución pola que se adopte o acordo indicado no parágrafo anterior será motivada e notificarase ó interesado.

4. Os destinos asignaranse, calquera que for o emprego, por un tempo mínimo dun ano e máximo de dous anos para os empregos correspondentes ás categorías de oficiais xerais e oficiais e de catro anos para o resto dos empregos.

Non obstante, con carácter excepcional, o ministro do Interior poderá prorrogar eses tempos.

5. Os destinos do persoal en reserva, ademais do disposto neste artigo, seranlles de aplicación, se é o caso, as normas contidas neste regulamento.

CAPÍTULO VI

Recursos

Artigo 46. *Fin da vía administrativa.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas neste regulamento, os gardas civís poderán interpor recurso de alzada, de conformidade co disposto no artigo 98 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.

Contra os actos e resolucións adoptados polo ministro do Interior que non sexan resolución de recurso de alzada poderá interporse recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa.

2. Nos procedementos en materia de destinos a concesión dos cales se debe realizar a solicitude do persoal do corpo da Garda Civil, se non se notificase a decisión no prazo de tres meses, establecido no artigo 18 deste regulamento, considerarase desestimada a solicitude e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Destinos exceptuados da aplicación deste regulamento.*

As normas contidas neste regulamento non serán de aplicación ós supostos seguintes:

a) Destinos na Casa da S.M. El Rei, os membros da cal son nomeados e substituídos conforme o previsto no artigo 65.2 da Constitución.

b) Nomeamentos e cesamentos de titulares de órganos directivos da Administración xeral do Estado, comprendidos no artigo 6, números 2.B), 3, 4 e concordantes, da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional segunda. *Destinos do persoal das Forzas Armadas e da Garda Civil na Dirección Xeral da Garda Civil e no Ministerio de Defensa, respectivamente.*

O anuncio de vacantes e a asignación de destinos do persoal das Forzas Armadas na Dirección Xeral da Garda Civil, así como do persoal da Garda Civil no Ministerio de Defensa, rexeranse polas normas de procedemento aprobadas conxuntamente polos ministros do Interior e de Defensa.

Disposición adicional terceira. *Destinos do persoal funcionario civil na Dirección Xeral da Garda Civil.*

Os destinos dos funcionarios civís na Dirección Xeral da Garda Civil rexeranse pola súa normativa específica.

Disposición transitoria primeira. *Recoñecemento de dereitos.*

O persoal que adquirise algún dereito preferente ou comezase a cumprilas condicións necesarias para adquirilo, de acordo coas disposicións anteriores a este regulamento, conservarao ou, se é o caso, o consolidará e poderá exercelo de conformidade coas citadas disposicións.

Disposición transitoria segunda. *Preferencia na asignación de destinos.*

De acordo co previsto na disposición transitoria primeira da Lei 42/1999, ata o 27 de novembro de 2003, para ocupar vacantes de provisión por antigüidade en unidades de comandancias e subsectores de Tráfico, terá preferencia o persoal que estivese xa destinado na respectiva comandancia ou subsector de Tráfico sobre os demais peticionarios, excepto sobre os comprendidos no artigo 44.2 deste regulamento.

XEFATURA DO ESTADO

23093 LEI 17/2001, do 7 de decembro, de marcas. («BOE» 294, do 8-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei ten por obxecto o réxime xurídico dos signos distintivos, categoría xurídica que configura un dos grandes campos da propiedade industrial. A lexislación sobre este tipo de propiedade é competencia exclusiva do Estado, de conformidade co artigo 149.1.9.^a da Constitución.

As razóns que xustifican a necesidade de reformar-la Lei de marcas, dando lugar a unha nova lei, obedecen a tres ordes de motivos. O primeiro, dar cumprimento á sentenza do Tribunal Constitucional 103/1999, do 3 de xuño, que delimita as competencias que en materia de propiedade industrial corresponden ás comunidades autónomas e ó Estado. O segundo, incorporar á nosa lexislación de marcas as disposicións de carácter comunitario e internacional a que está obrigado ou se comprometeu o Estado español. O terceiro motivo, finalmente, obedece á conveniencia de introducir no noso ordenamento xurídico certas normas de carácter substantivo e procedemental que veñen aconselladas pola experiencia obtida baixo a vixencia da lei anterior, as prácticas seguidas por outras lexislacións do noso contorno e a necesidade de adapta-lo noso sistema de rexistro de marcas ás esixencias da nova sociedade da información.